



Cae o telón...

Santiago Nieto Romarís

Nunha tarde de choiva, vento e frío, no outono gris de 2006, despois dunha longa, enmudecida e triste estadía no Clínico de Compostela, o mestre retírase da escea...

Cae o telón... e con el, a súa imaxe fúndese para sempre no noso recordo.

No recordo dos que un día estivemos ao seu carón escoitando as súas propostas e inquiredanzas. Aqueles máxins que soio unha persoa como el podía transmitir. Era a mente incansábel, de percorrido acelerado e lúcido, que aínda para mellor engado, tiña a vantaxe de mostrarse como centro de atención en calqueira grupo de conversa animosa. A sinxeleza de/no trato foi a máxima no seu percorrido pola bisbarra, así se explica que sempre se lle poidese ver rodeado de xente moza, maiores, cativos... O aventaxado mestre unha vez máis, móstranos a propios e extraños que a metodoloxía a favor do diálogo interxeneracional, foi unha práctica constante nas súas relacións. Foi un iluminado, abandeirando as propostas máis innovadoras no campo da animación cultural e xuvenil da bisbarra. Campos que dominaba cunha mestría insólita, froito das inquiredanzas persoais, das análises metódicas da investigación persoal previa a calqueira actuación. Así ía construíndo unha dinamización baseada nese estudo que cada espazo e lugar, debe ofrecer aos seus veciños, propoñendo actividades innovadoras e

únicas, e aproveitando en cada ocasión os medios que estaban próximos.

Máis alá das ideas que tiveron maior eco, Pepe abandeirou tamén proxectos pequenos, que apenas trascenderon para o gran público, pero que iban facendo pegada na cultura da comarca, e abrindo pontes coa xente nova.

Ocórreseme cando un grupo de mozos e mozas nos sumamos ao proxecto das sesións de teatro lido, que tiveron eco na radio municipal de Noia. Alá nos xuntabamos os venres ao vir de Santiago. Máis adiante, tamén participamos en lecturas-homenaxe a Avilés na casa da cultura de Noia, ou anos despois, no CD-Rom realizado por Proavis baixo o patrocinio do Concello de Noia e a dirección de Luís Avilés titulado "Historia dun periplo, (pequena viaxe pola vida e obra de Antón Avilés de Taramancos)", no que algúns de nós gravamos poemas.

Teatro, escola, libros, charlas... era o auténtico tótem-local a personaxe perfecta da que todos botabamos man para enriquecer unha programación cultural. O home que nunca negaba a súa presenza nos actos aos que se lle convidaba. O perfecto anfitrión dunha xuntanza, o home de compromiso coa terra, coas súas xentes e co patrimonio. A reivindicación do noso, dende a templanza que vai dando o paso do tempo.



“Agrelo mostrouse sempre disposto a colaborar e levar adiante ideas e empresas, sen contar coa repercusión económica que ían supoñer”

Altruísta por defecto, nos tempos da materialización da cultura, onde o raro é atopar xente que se mova por ideais e sen ter en conta se recibe remuneración por esta ou aquela outra actividade. Agrelo mostrouse sempre disposto a colaborar e levar adiante ideas e empresas, sen contar coa repercusión económica que ían supoñer. Foi un exemplo de traballador constante, máis alá das horas que empregaba como docente, e que é xusto recoñecer e valorar.

Home de territorio marcado polo mar e as montañas, polo teatro e a escola... polo compromiso de ter nacido en terra sedenta de identidade... o que marcou para sempre, o seu papel na escea. ♦♦